

te

traballadores/as do Ensino



ensino

www.ccooensino.gal

XUBILACIÓNS 2018



DISPONIBLE EN
Google play



Disponible na
App Store



DOCENTES ENSINO PÚBLICO



José Fuentes
Responsable de Pensiones
da Federación de Enseño de

CONTINÚA A PERDA DO PODER ADQUISITIVO NAS PENSIÓNS

Á espera de que se aproben e publiquen os PXE para 2018, xa se publicou o RD 1079/2017 sobre revalorización de pensións, no BOE do 30 de decembro. Mentres tanto, segue vixente a modalidade de xubilación voluntaria que lles permite aos funcionarios e funcionarias do réxime de clases pasivas (RCP en adiante) xubilarse dende os 60 anos, sempre que se acrediten 30 anos de servizos efectivos ao Estado. Considerando o tipo de traballo desenvolvido nas aulas, **a Federación de Enseño de CCOO seguirá defendendo na función pública docente esta modalidade de xubilación voluntaria.**

No Réxime xeral da Seguridade Social (RXSS en adiante), o adiamento da idade de xubilación será, como máximo, de catro anos cando o cesamento sexa por causa non imputable á vontade da persoa traballadora e de dous no caso de cesamento voluntario.

A Lei 23/2013 de recortes das pensións (reforma unilateral do Goberno de Rajoy) estableceu dous elementos importantes: **o índice de revalorización das pensións (IRP) e o factor de sustentabilidade (FS).**

Coa aplicación do IRP, de novo, por cuarto ano consecutivo, as pensións soben un mísero **0,25 %**, que **suporá un incremento de 5 euros no caso do colectivo de mestres, e de 6 euros para os outros corpos.** Tendo en conta que o IPC de 2016 foi do 0,7 %, as pensións xa perderon un 0,45 %. En 2017, o IPC foi o 1,2 % e acumúlase unha nova perda de poder adquisitivo de 0,95 %. A previsión do IPC para o 2018 tamén é moi superior ao 0,25 %, polo que se prevé outra perda máis de poder adquisitivo, seguramente maior.

Dende CCOO defendemos que o sistema de pensións ten que lles garantir aos traballadores e traballadoras e ao funcionario xubilado unha pensión substitutiva do salario suficiente, que manteña o poder de compra ao longo do período en que é pensionista. A aplicación combinada do IRP e do FS pode significar, no prazo de quince anos, unha perda de entre o 15 e o 28 %, segundo a evolución económica.

CCOO esixe un debate profundo sobre os ingresos do sistema de seguridade social dende alternativas distintas á da redución progresiva do poder adquisitivo das pensións.

▶ **As pensións páganse en catorce pagas iguais (doce mensuais máis dúas extras) ao ano.**

Independentemente dos cálculos que poidan resultar, como norma xeral, as pensións públicas ordinarias non poderán superar os **2.580,13 €** euros mensuais. Isto supón, na práctica, que unha funcionaria ou funcionario que sempre permanecese no grupo A1 acada a pensión máxima con 32 anos de servizos.

Poden superar este tope:

- ➔ **as pensións derivadas de actos terrorista**
- ➔ **ás que se lle aplique o complemento de maternidade**
- ➔ **as derivadas da xubilación postergada (anos de servizo despois dos 65)**

EN VIRTUDE DA ORDE HAP/2786/2012, PUBLICADA NO BOE O 27 DE DECEMBRO DE 2012, MUFACE ACHEGARÁ A CONTÍA DE MEDIA NÓMINA DE SOLDADO BASE MÁIS TRIENIOS NO MES SEGUINTE A SE FACER EFECTIVA A XUBILACIÓN FORZOSA.

PENSIÓN DE XUBILACIÓN DO RÉXIME DE CLASES PASIVAS

Existen tres tipos de colectivos docentes no tocante ás xubilacións:

- O funcionariado docente **que ingresou no corpo antes de 2011** está **acollido ao réxime de clases pasivas (RCP)**, que quedará como residual para quen xa estea nel.
- Porén, só uns poucos -quen proceda das antigas universidades laborais, de centros da AISS e de centros do extinguido Movemento Nacional, así como quen ingresou no País Vasco dende 1994- están **no réxime xeral da seguridade social (RXSS)**.

A normativa de ambos os réximes é completamente distinta.

- Quen ingresou dende o 2011 está no **RXSS para o efecto da pensión e en MUFACE para as prestacións sanitarias, farmacéuticas e sociais**.

* Non obstante, a DA 120.^a da Lei PXE para 2017 permite que os funcionarios e funcionarias de carreira dos corpos docentes procedentes dos centros de ensinanzas integradas (antigas universidades laborais) e de centros de formación profesional (AISS), que ingresaron neses corpos tras a entrada en vigor da Lei 30/84 e con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto legislativo 670/1987 (desde o día 23-8-1984 ata o día 27-5-1987), que actualmente están no RXSS, poderán xubilarse anticipadamente desde os 60 anos de idade se cumpren o requisito de ter, polo menos, 30 anos cotizados en calquera réxime da Seguridade Social. **Para isto, deben optar por incorporarse ao RCP no momento de faceren a solicitude**. Esta decisión supón tamén o paso a Muface, cos correspondentes cambios no gasto farmacéutico que será do 30 % na situación de pensionista.

As pensións do funcionariado acollido ao RCP calcúlanse aplicando unha porcentaxe que varía en función do número de anos de servizos prestados sobre unhas cantidades chamadas **haberes reguladores (HR)**; estes últimos fíxanse anualmente nos orzamentos xerais do Estado e dependen do grupo a que pertenza o funcionario ou funcionaria.

O RD 1079/2017, DO 30 DE DECEMBRO, ESTABLECEU PARA O 2018 OS SEGUINTE HABERES REGULADORES

GRUPO	HABER REGULADOR ANO	HABER REGULADOR MES
	€/ano	€/mes
A1 (antes A, licenciaturas, cátedras)	40.561,32	2.897,24
A2 (antes B, diplomaturas)	31.922,78	2.280,20
B (novo, técnico/a superior)	27.953,57	1.996,68
C1 (antes C, bacharelato, FP II)	24.517,24	1.751,23
C2 (antes D, graduado/a secundaria)	19.397,20	1.385,51
E e agrupacións profesionais -AP- (sen título)	16.537,66	1.181,26

Táboa de haberes reguladores para o ano 2018

Estes HR resultan de aplicar un incremento do 0,25 % aos do 2017. Incrementáanse tamén un 0,25 % os descontos por clases pasivas e MUFACE ao persoal en activo. A **pensión pública máxima** no 2018 será de **2.580,13 euros** (36.121,82 anuais)

A estes HR aplícanse as seguintes porcentaxes:

ANOS SERVIZO	%	ANOS SERVIZO	%	ANOS SERVIZO	%	ANOS SERVIZO	%
1	1,24	10	15,67	19	41,54	28	74,42
2	2,55	11	17,71	20	45,19	29	78,08
3	3,88	12	19,86	21	48,84	30	81,73
4	5,31	13	22,10	22	52,50	31	85,38
5	6,83	14	24,45	23	56,15	32	89,04
6	8,43	15	26,92	24	59,81	33	92,69
7	10,11	16	30,57	25	63,46	34	96,35
8	11,88	17	34,23	26	67,11	35 e máis	100
9	13,73	18	37,88	27	70,77		

ANOS DE SERVIZOS EFECTIVOS AO ESTADO

A teor do establecido no artigo 32 e do RDL 670/87, ademais dos servizos prestados en calquera Administración, se for o caso, **tamén se terán en conta para o cálculo da pensión os anos cotizados en calquera réxime da seguridade social.**

Así mesmo, considéranse servizos efectivos ao Estado **o tempo do servizo militar ordinario que exceda do período obrigatorio mínimo vixente no momento de realizalo, que se computa no grupo E** (o que corresponde a soldados e mariñeiros). Este período pode ser especialmente interesante se serve para completar un ano máis de servizos; aínda que coa última modificación (cambiar nove meses por «período que exceda do período obrigatorio mínimo vixente no momento de realizar o servizo militar») non terá incidencia en case ningún caso.

Os artigos 235 e 236 da LXSS permiten completar períodos de cotización **por parto e coidado de fillos/as.**

Estes artigos establecen a posibilidade de computar períodos de cotización por **parto e/ou coidado de fillos.** Polo **parto** recoñécese o período de cotización de **112 días** nos casos en que non se gozase, cobrase e cotizase o período do permiso por parto. Para acadar os beneficios por **coidado de fillos (243 días en 2018)**, é requisito a interrupción da cotización derivada da extinción da relación laboral ou da finalización do cobramento de prestacións ou subsidios por desemprego con obriga de cotizar, producidas entre os nove meses anteriores ao nacemento (ou tres meses de se tratar de adopción ou acollemento permanente) e a finalización do sexto ano posterior á dita situación.

CÓMPUTO RECÍPROCO

Como o cálculo das pensións no RXSS é radicalmente diferente do cálculo do RCP, o Real Decreto 691/1991 estableceu un sistema de **equivalencias entre os grupos de funcionarios e os grupos de cotización á seguridade social**, de xeito que o cotizado en determinados grupos da seguridade social se considera equivalente aos servizos prestados en determinados grupos de funcionarios. Esta é a táboa de equivalencias:

GRUPO COTIZACIÓN	GRUPO FUNCIONARIAL	GRUPO COTIZACIÓN	GRUPO FUNCIONARIAL
1	A1	7 e 9	C2
2	A2	6, 10, 11 e 12	E e AP
3, 4, 5 e 8	C1		

Para quen se inclúa no réxime especial de traballadores/as por conta propia ou autónomos/as:

COLECTIVOS INTEGRADOS EN VIRTUDE DA TITULACIÓN	GRUPO FUNCIONARIAL
Enxeñeiros/as e licenciados/as	A1
Enxeñeiros/as técnicos/as e peritos	A2
Restantes colectivos	C1

CAMBIO DE CORPO

Existe unha fórmula para quen, durante a súa carreira profesional, mudou de corpos a outros correspondentes a grupos funcionariais distintos, e que vén recollida no artigo 31.2 do RDL 670/87. Ademais, nestes casos, **se non** son xubilacións voluntarias e se ingresou como funcionario/a de carreira antes do 1 de xaneiro de 1985 e se mudou de corpo antes desa data ou se teñen cotizacións noutros grupos de nivel inferior, existe unha bonificación que consiste en considerar ata un máximo de dez anos dos prestados no corpo do grupo inferior como prestados no do grupo superior (DT 1.^a do RDL 670/87).

MODALIDADES DE XUBILACIÓN

VOLUNTARIA

TIPOS	REQUISITOS	CÁLCULO DE PENSIÓN	OBSERVACIÓNS	NORMATIVA
ORDINARIA	<ul style="list-style-type: none"> 60 anos de idade e 30 de servizos efectivos ao Estado. Cando se usan anos cotizados noutros réximes da SS, os últimos 5 anos computables teñen que ser cubertos en clases pasivas 	Aplicación dunha porcentaxe, en función dos anos de servizo acreditados, ao haber regulador do corpo	Ten que solicitarse con, polo menos, tres meses de antelación	<ul style="list-style-type: none"> Arts. 28 2b, 30, 31 e 32 do RDL 670/87. Punto 6.º da resolución 29/12/1985 da Secretaría de Estado para a Administración Pública. DA 16.^a texto refundido Lei clases pasivas segundo DF 1^a PXE 2014

FORZOSA

TIPOS	REQUISITOS	CÁLCULO DE PENSIÓN	OBSERVACIÓNS	NORMATIVA
AO CUMPLIR OS 65 ANOS	<ul style="list-style-type: none"> Declárase de oficio ao cumprir os 65 anos Ter acreditados un mínimo de 15 anos de servizos 	<ul style="list-style-type: none"> Aplicación da porcentaxe, en función dos anos de servizos acreditados, ao haber regulador. Dende 2016 hai porcentaxes adicionais por maternidade para mulleres que tiveran 2 ou máis fillos/as 	A Admón. xestiona e resolve de oficio se non se solicitou prórroga	<ul style="list-style-type: none"> Arts. 28a, 30, 31 e 32 do RDL 670/87. DA 18^a Texto refundido Lei Clases Pasivas segundo DF 1^a dous PXE 2016
PRÓRROGA ATA OS 70 ANOS	É voluntaria e ten que solicitarse cunha antelación de, polo menos, tres meses antes de cumprir os 65 anos.	Igual ca no caso anterior, pero cando conclúa o período de prórroga e se teñan polo menos 15 anos de servizos efectivos ao Estado, recoñecerase unha porcentaxe adicional por cada ano completo cotizado despois dos 65 anos	<ul style="list-style-type: none"> A prórroga ha solicitarse cun mínimo de 3 e un máximo de 4 meses antes da data de xubilación. Debe renovarse cada ano cunha antelación mínima de 3 meses á data de finalización. Poderá ser denegada por cuestións organizativas... A fin da prórroga ten que comunicarse polo menos 3 meses antes da data elixida para a xubilación definitiva. Non poderá ir máis aló dos 70 anos. 	<ul style="list-style-type: none"> Art. 33 da Lei 30/84 (redacción dada polo artigo 107 da Lei 13/96). Arts. 30, 31 e 32 do RDL 670/87. Art. 4 da Lei 1/2012 de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia DA 17^a Texto refundido Lei Clases Pasivas segundo DF 1^a un PXE 2016
INCAPACIDADE PERMANENTE PARA O SERVIZO (IPS)	<p>Para o desenvolvemento das funcións fundamentais do seu corpo (TOTAL)</p> <hr/> <p>Para o desenvolvemento de toda profesión ou oficio (ABSOLUTA)</p> <hr/> <p>Precisa asistencia dunha persoa para vestirse, comer, desprazarse, etc. (GRANDE INVALIDEZ)</p>	<ul style="list-style-type: none"> Igual ca o anterior pero considérase como servizo prestado o tempo que falte ata cumprir os 65 anos. Nos casos de IPS total por enfermidade común ou accidente non laboral con menos de 19 anos e 1 día de servizo, redúcese un 5 % por cada ano completo que lle falte ata os 20, cun máximo de redución do 25%. Dende 2016 hai porcentaxes adicionais por maternidade para mulleres que tiveran 2 ou máis fillos/as 	<ul style="list-style-type: none"> Pode iniciarse de oficio ou a pedimento da persoa interesada. A pensión por unha IPS total tributa e, polo tanto, aplícanse retencións. A da absoluta non tributa, polo tanto, non ten retención. Dende 2009 o informe do EVI é vinculante. A IPS total é compatible con traballar nun posto distinto, pero reduce nun 25 % se ten máis de 20 anos de servizos e nun 45 % se ten menos. 	<ul style="list-style-type: none"> Instrución do Ministerio de Facenda do 22-10-1996. Orde do Ministerio de Presidencia do 22-11-1996 Arts. 28c, 30, 31 e 32 do RDL 670/87 Arts. 23, 24, 25 e 26 do RDL 4/2000. DA 13^a da Lei 2/2008 DA 18^a Texto refundido Lei Clases Pasivas segundo DF 1^a dous PXE 2016
		Coma no caso da IPS absoluta, incrementada nun 50 % que aboa MUFACE para a contratación dunha persoa que a atenda.	<ul style="list-style-type: none"> Igual que a pensión por IPS absoluta, non tributa e tampouco ten retención. Non se require período de carencia (é dicir, non se require un tempo mínimo de cotización) 	

PENSIÓNS DE XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE PARA O SERVIZO

Calcúlanse igual que as ordinarias, pero coa importante particularidade de **se consideraren servizos efectivos non só os realmente prestados, senón tamén o tempo que lle resta ao funcionario/a para cumprir os 65 anos de idade**. Este período considerarase prestado no grupo funcional ao que pertence o funcionario/a no momento da xubilación.

Para as pensións por incapacidade permanente para as tarefas propias do corpo do funcionario (**incapacidade total**) derivadas de accidentes ou enfermidades comúns e **orixinadas a partir do 1 de xaneiro de 2009**, se no momento da xubilación **o/a funcionario/a ten acreditados 19 ou menos anos de servizos efectivos** ao Estado (incluíndo os cotizados a calquera réxime público de seguridade social), **ten unha redución sobre a contía calculada** segundo o expresado no parágrafo anterior, **de acordo co seguinte cadro:**

ANOS DE SERVIZOS EFECTIVOS AO ESTADO NO MOMENTO DA XUBILACIÓN	PORCENTAXE DE REDUCIÓN DA PENSIÓN
Dende 18 e 1 día ata 19	5 %
Dende 17 e 1 día ata 18	10 %
Dende 16 e 1 día ata 17	15 %
Dende 15 e 1 día ata 16	20 %
Menos de 15	25 %

Se a/o funcionaria/o ten máis de 19 anos de servizos, non se aplica redución.

Esta redución non afecta as pensións por incapacidade para toda profesión ou oficio (**incapacidade absoluta**) nin a **incapacidades totais producidas ou derivadas de lesións en actos de servizo nin as concedidas antes do 1 de xaneiro de 2009**.

As pensións por incapacidade permanente para tarefas propias do seu corpo (as totais) sempre tributan. Non tributan aquelas en que a lesión ou a enfermidade incapacita para toda profesión ou oficio (as absolutas).

Se con posterioridade ao recoñecemento da pensión por incapacidade se produce un agravamento da causa que a orixinou, de modo que a persoa afectada pasa a estar incapacitada para toda profesión ou oficio (a incapacidade pasa de total a absoluta), a funcionaria ou funcionario xubilado pode solicitar unha revisión da súa cualificación antes de cumprir os 65 anos. E, se proceder, tras o paso polo tribunal médico (EVI) será recualificada a súa pensión.

Da mesma forma, os informes dos tribunais médicos do INSS (EVI) son vinculantes para a Administración educativa, que pode propoñer a xubilación pero non decidir sobre ela.

PENSIÓNS EXTRAORDINARIAS

Son aquelas en que a incapacidade está **orixinada por un accidente ou unha enfermidade en acto de servizo ou como consecuencia del (art. 47.2 do RDL 670/87) ou por acto terrorista**. A contía das pensións calcúlase igual que no resto das IPS pero cos haberes reguladores multiplicados por dous.

O funcionario ou funcionaria que considere ter dereito a estas pensións extraordinarias deberá solicitar, logo de xubilarse, a incoación dun «expediente de indagación de causas» ao organismo correspondente da consellería que proceda; esta nomeará un instrutor que, logo da investigación oportuna e de dar audiencia á persoa interesada, fará unha proposta de resolución á Administración que, cun informe, a remitirá ao Ministerio de Economía e Facenda, onde se resolverá definitivamente. Así consta no punto oitavo da resolución do 29-12-1995 da Secretaría de Estado para a Administración Pública.

INCOMPATIBILIDADE DAS PENSÍONS

As pensións de xubilación do réxime de clases pasivas orixinadas a partir do 1 de xaneiro de 2009 que se acadaran con 65 ou máis anos de idade e con 35 ou máis anos de servizos recoñecidos son compatibles coa realización de actividades privadas, por conta propia ou allea, que dean lugar á inclusión en calquera réxime público de seguridade social.

Neste caso e durante o tempo que permaneza nesa situación, o funcionario ou funcionaria xubilada percibirá o **50 % da pensión** que ten asignada. Cada ano, este 50 % revalorizarase na porcentaxe que se estableza. Unha vez remate a actividade privada, a funcionaria ou funcionario xubilado recuperará a pensión na súa integridade coas revalorizacións que se producisen. O novo período traballado, unha vez xubilado, non dará lugar á mellora da pensión. Cando a pensión teórica for superior á pensión pública máxima (2.580,13 euros en 2018), percibirá o 50 % da pensión pública máxima.

As xubilacións anticipadas ou con carreiras de cotización que non alcancen os 35 anos de servizos son incompatibles co exercicio de calquera actividade, por conta propia o allea.

Só se exceptúa desta incompatibilidade os/as pensionistas xubilados por incapacidade total, que si poden cobrar a súa pensión e realizar unha actividade **distinta** á que viñan realizando como funcionarios, pero mentres estean traballando **o importe da pensión recoñecida reducirase ao 75 %** da correspondente contía, se acreditan **máis de 20 anos de servizos efectivos** ao Estado; ou ao **55 %**, se acreditan **menos de 20 anos de servizos** no momento da xubilación.

As pensións de xubilación por incapacidade permanente para toda profesión ou oficio son incompatibles, por definición, con calquera outro traballo privado ou público.

No RXSS, ademais desta posibilidade de compatibilizar a pensión cunha actividade laboral, existe outra máis. Desde agosto de 2011, tras a entrada en vigor da Lei 27/2011, a percepción da pensión é compatible coa realización de traballos por conta propia (autónomo) se os ingresos totais anuais que se perciban non superan o salario mínimo interprofesional, en cómputo anual. E quen realice estas actividades non ten obriga de cotizar á seguridade social nin xera dereito a novas pensións. Esta última opción non existe no RCP.

En calquera dos casos, a DF 1.^a dos PXE para 2017 **modificou o réxime de incompatibilidades coa percepción da pensión de clases pasivas**. Establece que se aplicarán as excepcións recollidas no artigo 19 da Lei 53/1984 (de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas) ao réxime de incompatibilidades co pagamento dunha pensión de clases pasivas.

Isto significa que a situación do persoal xubilado que realiza ou realizou con anterioridade á xubilación algunha actividade creativa (literaria, artística, científica...) que puidera reportarlle beneficios económicos é compatible coa percepción completa da pensión. Evidentemente, sempre que non sexan consecuencia dunha relación laboral que supoña a alta en calquera réxime de seguridade social.

Do mesmo xeito, considéranse compatibles outras actividades que xa o viñan sendo co exercicio da súa profesión.

PERÍODO DE PRÁCTICAS PARA QUEN XA É FUNCIONARIO DE CARREIRA

Aplicase a quen xa é funcionario/a de carreira ao ingresar noutro corpo de nivel superior. Nestes casos, durante o tempo correspondente ao período de prácticas ou o curso selectivo, seguirán percibindo os trienios en cada momento perfeccionados, e o dito tempo computarase, para os efectos de consolidación de trienios e de dereitos pasivos, como servido no novo corpo, se finalmente se supera a fase de prácticas e se adquire a condición de funcionario/a de carreira no novo corpo (**art. 24.6 da Lei 36/2014 PXE 2015**)

XUBILACIÓN POSTERGADA (anos de servizo despois dos 65)

A DA 17ª do texto refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado introduce unha regulación análoga á que hai no RXSS pola que, **quen siga en activo despois de cumprir a idade de xubilación (65 anos)** e teña acreditados **polo menos 15 anos de servizos** ao cumprir esa idade, terá dereito a unha **porcentaxe adicional en función dos anos de servizos acreditados no momento de cumprir os 65 anos**.

Esa porcentaxe será acorde ao número de anos de servizos efectivos ao Estado:

- **Ata 25 anos de servizos efectivos ao Estado, o 2 %.**
- **Entre 25 e 37 anos de servizos efectivos ao Estado, 2,75 %.**
- **A partir de 37 anos de servizos efectivos ao Estado, o 4 %.**

Como consecuencia da aplicación destas porcentaxes adicionais, **poderase superar a pensión pública máxima, pero non se poderá superar o haber regulador máximo** (o do subgrupo A1, 2.897,24 euros mensuais). Ata 2015 só podían superar a pensión pública máxima as pensións derivadas de actos terroristas. A partir de agora, tamén poderá excederse ese tope se un funcionario ou funcionaria dos grupos A1 e A2 completa novos anos de servizos unha vez acadada a idade de xubilación **"forzosa"**.

COMPLEMENTO DE MATERNIDADE

Establécese un **complemento por maternidade (DA 18.ª do texto refundido da Lei de clases pasivas)**.

Consiste nunha porcentaxe do **5 %** (se se tiveron dous fillos/as naturais ou adoptados), **10 %** (tres fillos/as) ou do **15 %** (catro ou máis fillos/as) para as mulleres funcionarias que se xubilen **polo menos con 65 anos ou por incapacidade ou teñan dereito a pensión de viuvez** xeradas a partir do **1 de xaneiro de 2016**.

Se a pensión inicial alcanza ou supera a pensión pública máxima, a porcentaxe aplicarase a esta e reducirase á metade. Se a pensión for inferior á pensión pública máxima, pero a supera ao sumar o complemento, entón a parte do complemento que exceda da dita pensión máxima reducirase á metade.

Se se ten dereito a varias pensións de xubilación, o complemento só se aplicará a unha delas, á de maior contía. Se o dereito é a unha de xubilación e a unha de viuvez, aplicarase á de xubilación.

QUE É O FACTOR DE SUSTENTABILIDADE?

▶ **TEÑO QUE XUBILARME NO ANO 2018 POLA SÚA APLICACIÓN NAS PENSIÓNS DE CLASES PASIVAS?**

▶ **PODE OCORRER, QUE SE TRABALLO VARIOS ANOS MÁIS, ME QUEDE MENOS PENSIÓN?**

As pensións recoñecidas a partir do 1 de xaneiro de 2019 espéralles a aplicación do **factor de sustentabilidade (FS)**. **Que é realmente o FS?** É un número que se calcula en función do diferencial da esperanza de vida dos últimos cinco anos. **O valor final das pensións en cada ano obtense multiplicando o valor teórico das pensións, calculado como ata agora, polo citado FS** de cada ano, que, como será un número inferior a un, provocará que o valor final da pensión sexa menor que ese valor teórico inicial. É dicir, rebaxarase a pensión. **O FS é un recorte que, de aplicarse só un ano, podería considerarse modesto, pero se a súa aplicación é reiterada e continua provocará un recorte moi importante das pensións.**

Ata o 2018 as pensións creceron na mesma porcentaxe que os haberes reguladores. Iso fai que dous funcionarios que tiveran a mesma carreira profesional e se xubilaran un no ano 2000 e outro no ano 2017 teñan a mesma pensión.

A partir de 2019 xa non sería así. O funcionario que se xubile no 2019 tería unha pensión inferior que o que se xubilou en 2018, tendo a mesma carreira profesional. E cantos máis anos atrase a súa xubilación, maior sería a redución da súa pensión en relación con outro funcionario que tivera a mesma carreira profesional.

Este elemento está a xerar moitas dúbidas que trataremos de resolver nos seguintes puntos:

1. A primeira dúbida é se afectará as pensións de clases pasivas.

Segundo a Lei 23/2013, afecta só as pensións da Seguridade Social, pero é máis ca probable a súa aplicación a clases pasivas a través das leis de presupostos xerais do Estado para cada ano a partir de 2019. Desde hai anos vense observando un proceso de «harmonización» de ambos os réximes: para acadar o 100 % da base reguladora ou o haber regulador, necesítanse 35 anos de cotización ou servizos, existe unha única pensión pública máxima para ambos os réximes, aplicáronse en clases pasivas os beneficios por parto, por coidado de fillos, o complemento por maternidade, o aumento da porcentaxe en caso de xubilación demorada ou postergada, etc. establecidos inicialmente para a Seguridade Social e logo trasladados a clases pasivas. Ademais, a propia Lei xeral de seguridade social establece que as normas dos réximes especiais (clases pasivas é un deles) deben tender á «**máxima homoxeneidade**» co réxime xeral da Seguridade Social.

Agora ben, a actual «aritmética» parlamentaria non asegura a aprobación dos presupostos xerais do Estado para 2019 nin que se recolla a súa aplicación en clases pasivas. Polo tanto, é imposible predicir que pasará en 2019. Incluso cabe a posibilidade de derrogar ou modificar a Lei 23/13. E nesta liña traballará CCOO.

2. A segunda dúbida é se en todos os casos xubilarse despois do 1 de xaneiro de 2019 suporá unha baixada na pensión. A resposta é non. Hai que precisar.

- Afectará fundamentalmente, como norma xeral, a aqueles que xa alcancen os 35 anos de servizos en grupo A2 ou os 32 anos de servizos en grupo A1 e se xubilen anticipadamente a partir dos 60 anos de idade ou non queiran xubilarse máis alá dos 65 anos de idade. Nestes casos, aínda que traballen algúns anos máis, non lles vai subir a pensión inicial (alcanzarían xa o 100 % do haber regulador do grupo A2 ou a pensión pública máxima, respectivamente); alcanzarían o máximo posible. Polo que, traballar máis, a partir do 1 de xaneiro de 2019, non só non lle vai supor máis pensión inicial, senón que a pensión verase afectada pola redución que supón a aplicación do FS. E canto máis tarden en xubilarse, maior será o recorte provocado polo FS.

Nestes casos, traballar máis anos vai supor unha menor pensión.

- Nos casos de xubilacións en que non se chegue aos 35 anos de servizo en grupo A2 ou a 32 en grupo A1 ou que a xubilación se faga con 66 ou máis anos de idade, non ocorrerá o mesmo.
 - ⇒ A quen non teña moitos anos de servizos, acumular máis anos de servizos cada novo ano seguiralles aumentando a pensión, pero non ao ritmo de cando non había FS. Desde 2019, a porcentaxe total de aumento será menor porque haberá que restar á porcentaxe incrementada a que quita o FS dese ano.
 - ⇒ Tampouco lles baixará a pensión, pero igualmente reduciráselles o incremento que actualmente se percibe pola chamada xubilación postergada ou demorada. Nestes casos seguirá habendo incrementos pola aplicación desas porcentaxes adicionais por cada ano de servizos, pero veranse algo reducidos polo efecto da aplicación do FS.
 - ⇒ Outro caso distinto destes anteriores é o das mulleres que tiveron dous ou máis fillos. Teñen dereito a un complemento por maternidade que pode chegar a ser do 15 %, pero só se aplica cando se xubilan con carácter forzoso, polo que pode interesarlles seguir en activo ata cumprir os 65 anos de idade. E resulta que o complemento por maternidade que lles corresponda pode superar amplamente o recorte que pode suporlles a aplicación do FS. Hai que analizar caso a caso.

Polo tanto, **será conveniente planificar caso a caso e con antelación á data de cada xubilación para adoptar a estratexia que conveña mellor.** Ata o de agora, como norma xeral, nunca prexudicaba á pensión de xubilación traballar máis anos. Cando se atrasaba a xubilación, a pensión de xubilación sempre era igual ou maior. **A partir de 2019, traballar máis tempo pode supor nalgúns casos unha menor pensión de xubilación.**

En calquera caso e dado que o asunto é novo e un tanto complicado, ante a máis pequena dúbida consulta co Sindicato.



ensino

Os nosos locais

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707

Telf. 981 551 826

ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008

Telf. 981 145 895

scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402

Telf. 981 369 336

scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002

Telf. 982 221 060

scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400

Telf. 982 401 518

scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300

Telf. 988 392 256

scensino.oure@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32003

Telf. 988 322 034

scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002

Telf. 986 866 276

scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212

Telf. 986 246 847

scensino.vigo@galicia.ccoo.es



NOVA PÁXINA WEB DE CCOO ENSINO

www.ccooensino.gal

Accede a toda a información do ensino galego na nosa páxina web.

DESCARGA A APP DE CCOO ENSINO GRATUITA!!!!

Recibirás notificacións push con toda a información do teu sector

